

Bolsas de Creación Fotográfica

O Museo do Mar convoca, en colaboración co Centro de Estudos Fotográficos, o Iº Concurso de Proxectos de Creación Fotográfica: O Mar

O obxectivo deste concurso é ofrecer a posibilidade de elaborar e realizar un proxecto fotográfico propio aos novos autores relativo ao mar galego en calquera das súas circunstancias.

1º-Poderán participar os mozos e mozas nados ou residentes en Galiza menores de trinta e cinco anos.

2º-Ao autor do proxecto elixido otorgaráselle nunha bolsa cunha dotación de 3.000 euros para a realización dun traballo fotográfico relacionado co Mar de Galiza en calquera das súas circunstancias

3º-Os candidatos ao premio presentarán unha memoria detallada cunha extensión máxima de 5 folios onde se especificarán os obxectivos teóricos e a metodoloxía do traballo a desenvolver. Así mesmo, presentase un resumo do proxecto de 15 liñas. Estes dous documentos presentaranse por duplicado.

4º-Presentase tamén documentación gráfica do aspirante. Esta consistirá nun mínimo de 5 fotografías representativas do que puidera ser o traballo final para que a comisión avaliadora poida xuzgar as posibilidades prácticas do proxecto. Estas imaxes poderían non formar parte do traballo final.

5º-Adxuntase tamén un curriculum vitae cos datos do aspirante, domicilio, teléfono, e-mail e fotocopia do carnet de identidade.

6º-De sé lo caso, deberanse presentar tamén reproducións doutras imaxes realizadas previamente pertencentes a traballos ou proxectos anteriores.

7º-O proxecto deberá ser inédito, non podendo polo tanto estar publicado nin exposto previamente.

8º- O proxecto seleccionado non poderá publicarse nin exporse antes da súa presentación e exposición por parte do Museo do Mar. Durante un período dun ano posterior á presentación da exposición, o Museo do Mar poderá ofertar a itinerancia da mesma, o que implica que non poderá o autor incluílo en ningunha outra exposición durante ese período.

9º-O número de imaxes deste proxecto será dun mínimo de 30 .En caso de que polas súas dimensións ou por outras características particulares o número fora menor, terá que xustificarse axeitadamente.

10º-O Museo do Mar organizará unha exposición co proxecto seleccionado que será coordinada polo Centro de Estudos Fotográficos. Unha vez expostas, as fotografías pasarán a formar parte da Colección Fotográfica do Museo do Mar, que tamén poderá publicalas nas súas revistas, publicacións, etc.

11º-Os gastos de tiraxe de copias e montaxe da exposición correrán por conta do Museo do Mar, debéndose xustificar debidamente, e non podendo nunca superar a cantidade de 6.000 €.

12º-A documentación para a participación entregarase nas oficinas Museo do Mar de Vigo (Av. Atlántica, 160 36208 VIGO) con data límite do 20 de abril de 2009.

13º- O Museo do Mar, en colaboración co Centro de Estudos Fotográficos, publicará un libro que funcionará como catálogo da mostra, dentro da colección *Do Trinque*.

14º-O bolseiro comprométese a facer constar en futuras exposición e publicacións que o traballo foi realizado como consecuencia do 1º Proxecto de Creación Fotográfica: O Mar realizado polo Museo do Mar de Galicia.

15º-A decisión da comisión avaliadora é inapelábel podendo quedar deserto o Premio por considerar que os traballos non atinxen unha calidade mínima para ser premiados. O feito de presentarse ao concurso leva implícito a aceptación das súas bases.

16º- Farase público o resultado do concurso o 18 maio do 2009, día internacional dos museos.

17º- O proxecto entregarase totalmente realizado con data límite do 1 de novembro de 2009.

18º-Os proxectos non premiados poderanse retirar no Museo do Mar (Av. Atlántica, 160 36208 VIGO) a partir do día seguinte de facerse público o fallo da Comisión Avaliadora.

19º-A Comisión Organizadora fará un seguimento periódico do traballo que está a realizar o bolseiro. O bolseiro comprométese a presentar periodicamente o estado no que se atope o seu traballo á persoa que a Comisión designe para facelo.

20º- O Museo do Mar non se fará responsable das perdas ou danos ocasionados perante o envío.

21º- A Comisión Avaliadora dos proxectos estará formada por persoas vinculadas ao mundo da fotografía e ao mundo do mar.